

2. En tal caso, o instrutor, antes de remitir de novo o expediente ao órgano competente para impor a sanción, dará vista do actuado ao funcionario expedientado, para que no prazo de 10 días alegue canto considere conveniente.

CAPÍTULO V

Terminación

Artigo 37. *Resolución.*

1. A resolución, que pon fin ao procedemento disciplinario, deberá adoptarse no prazo de 15 días desde a recepción do expediente pola autoridade competente e pronunciarse sobre todas as cuestións suscitadas neste.

2. A resolución que poña fin ao procedemento disciplinario deberá determinar con toda precisión a falta que se considere cometida, sinalará os preceptos en que apareza recollida, o funcionario responsable e a sanción que se impón.

3. A resolución deberá ser motivada e nela non se poderán aceptar feitos distintos dos que serviron de base ao prego de cargos e á proposta de resolución, sen prexuízo da súa distinta valoración xurídica.

4. Se na resolución se estimar a inexistencia de falta ou de responsabilidade do funcionario, declararase concluído o expediente e ordenarase o seu arquivo.

5. Na resolución que poña fin ao procedemento, tanto se é sancionadora como de conclusión e arquivo, faranse as declaracións oportunas verbo da medida de suspensión provisoria que se tiver podido adoptar durante a tramitación do procedemento.

6. A resolución será notificada ao interesado con expresión do recurso ou recursos que caiban contra ela, o órgano ante o cal se deben presentar e os prazos para interpoles.

7. Das resolucións por faltas moi graves deben ser informados en todo caso as xuntas ou delegados de persoal correspondentes. Tamén deberán ser informados cando se trate de faltas graves, salvo que o funcionario sancionado, debidamente preguntado sobre este extremo, manifeste a súa oposición a tal comunicación.

8. A resolución deberá ser notificada ao xefe da unidade ou órgano en que desempeña o seu posto de traballo o funcionario sancionado.

Artigo 38. *Duración do procedemento disciplinario.*

A duración do procedemento disciplinario non excederá 12 meses. Vencido este prazo sen se ter ditado e notificado a resolución que poña fin ao procedemento, producirase a súa caducidade.

Non se producirá a caducidade se o expediente quedou paralizado por causa imputable ao interesado.

Artigo 39. *Recursos.*

O réxime de recursos aplicable ás resolucións que poñan fin ao procedemento será o establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 40. *Execución das sancións.*

Unha vez esgotada a vía administrativa, as sancións disciplinarias executaranse segundo os termos da resolución en que se imponhan e no prazo máximo dun mes desde a notificación da resolución ao interesado, salvo cando por causas xustificadas se estableza outro distinto na resolución.

Artigo 41. *Anotación das sancións.*

1. As sancións disciplinarias serán anotadas no Rexistro central de persoal do Ministerio de Xustiza, con expresión das faltas que as motivaron.

2. As comunidades autónomas que recibisen os tras-pasos de medios persoais para o funcionamento da Administración de xustiza deberán dar conta ao Ministerio de Xustiza das sancións impostas ao persoal destinado nelas para a súa constancia no citado rexistro.

Artigo 42. *Cancelación da anotación das sancións.*

1. A autoridade competente para sancionar éo tamén para decretar a cancelación da anotación correspondente.

2. A anotación da sanción de apercibimento quedará cancelada, de oficio ou por instancia do interesado, polo transcurso do prazo de seis meses desde que adquiriu firmeza, se durante ese tempo non deu lugar o sancionado a outro procedemento disciplinario que termine coa imposición de sanción.

3. A anotación das restantes sancións, excepto a de separación do servizo, poderase cancelar de oficio ou por instancia do interesado cando transcorresen, cando menos, dous ou catro anos desde o cumprimento da sanción, segundo se trate de falta grave ou moi grave, e se o interesado non deu lugar a novo procedemento disciplinario que termine coa imposición de sanción desde a firmeza do acordo sancionador.

4. A cancelación borrará o antecedente para todos os efectos e deberase comunicar de oficio ao Rexistro central de persoal.

5. En ningún caso se computarán para os efectos de reincidencia as sancións cuxas anotacións fosen canceladas ou terían podido selo.

Disposición derradeira única. *Normativa de aplicación supletoria.*

Será de aplicación, no non previsto neste regulamento, con carácter supletorio e no que resulte procedente, o disposto na normativa reguladora do réxime disciplinario dos funcionarios da Administración do Estado e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

12706 *REAL DECRETO 892/2005, do 22 de xullo, polo que se modifica a norma xeral da etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, aprobada polo Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo, no que respecta á etiquetaxe de determinados produtos alimenticios que conteñen ácido glicirrícico e o seu sal amónico. («BOE» 175, do 23-7-2005.)*

A norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, aprobada polo Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo, e modificada polo Real decreto 238/2000, do 18 de febreiro, incorpora a Directiva 79/112/CEE do Consello, do 18 de decembro de 1978, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros en materia de etiquetaxe, presentación e publicidade

dos produtos alimenticios, así como as súas posteriores modificacións, entre elas a Directiva 97/4/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de xaneiro de 1997. No ano 2000, en prol dunha maior claridade e racionalidade, procedeu-se á codificación desa directiva, mediante a aprobación da Directiva 2000/13/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de marzo de 2000, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros en materia de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios.

A norma xeral modifícase novamente mediante o Real decreto 1324/2002, do 13 de decembro, que incorpora ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2001/101/CE da Comisión, do 26 de novembro de 2001, pola que se modifica a Directiva 2000/13/CE, e a Directiva 2002/86/CE da Comisión, do 6 de novembro de 2002, pola que se modifica a Directiva 2001/101/CE.

Así mesmo, a Directiva 2003/89/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 10 de novembro de 2003, pola que se modifica a Directiva 2000/13/CE, incorpórase ao noso ordenamento xurídico interno mediante o Real decreto 2220/2004, do 26 de novembro, polo que se modifica a norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, aprobada polo Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo.

Por outra parte, aprobouse a Directiva 2004/77/CE da Comisión, do 29 de abril de 2004, pola que se modifica a Directiva 94/54/CE no que respecta á etiquetaxe de determinados produtos alimenticios que conteñen ácido glicirrónico e o seu sal amónico. Entre os seus considerandos alúdese a que o Comité Científico da Alimentación Humana, no seu ditame do 4 de abril de 2003 sobre o ácido glicirrónico e o seu sal amónico, chegou á conclusión de que un nivel máximo de 100 mg/día de inxestión proporciona un nivel de protección suficiente para a maioría da poboación e de que un consumo superior a ese nivel pode agravar a hipertensión. Non obstante, o Comité sinalou que entre a poboación existen subgrupos para os cales este límite superior pode non ofrecer unha protección suficiente. Tales subgrupos inclúen persoas con problemas de saúde relacionados cos trastornos da homeostase da auga e os electrólitos.

Nos produtos alimenticios, a exposición ao ácido glicirrónico e o seu sal amónico ten lugar a través dos doces de regalicia, incluídas as gomas de mascar, as infusións e as demais bebidas.

Todas estas circunstancias fan necesario que se adopten no ordenamento español as disposicións oportunas en relación á etiquetaxe de determinados produtos alimenticios, co obxecto de dar cumprimento á Directiva 2004/77/CE e de informar mellor os consumidores e protexer a súa saúde, mediante a inclusión no anexo IV da norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, das mencións obrigatorias relativas aos doces e bebidas que conteñan ácido glicirrónico e o seu sal amónico.

Así pois, a incorporación ao ordenamento xurídico interno da Directiva 2004/77/CE da Comisión, do 29 de abril de 2004, lévase a cabo mediante este real decreto.

Esta norma ten carácter básico e dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1, 13.^a e 16.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e de bases e coordinación xeral de sanidade, respectivamente, e de conformidade co artigo 40.2 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Na súa tramitación, foi sometido a consulta das comunidades autónomas e deuse audiencia ás asociacións de consumidores e usuarios e aos sectores afectados, e emitiu o seu informe preceptivo a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Sanidade e Consumo, de Industria, Turismo e Comercio e de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de xullo de 2005,

DISPÓN O:

Artigo único. *Modificación da norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, aprobada polo Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo.*

No anexo IV, «Lista de produtos alimenticios en cuxa etiquetaxe deberá figurar unha ou varias indicacións obrigatorias adicionais», da norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, aprobada polo Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo, engádesse o seguinte texto:

«Tipo ou categoría de alimento	Mencións obrigatorias
Doces ou bebidas que conteñan ácido glicirrónico ou o seu sal amónico por adición da substancia ou substancias en si, ou da planta da regalicia «Glicirrhiza glabra», cunha concentración superior ou igual a 100 mg/kg ou 10 mg/l.	Engadiranse as palabras «contén regalicia» inmediatamente despois da lista de ingredientes, a menos que o termo «regalicia» xa estea incluído na lista de ingredientes ou no nome con que se comercializa o produto. Na falta dunha lista de ingredientes, a mención obrigatoria situarase preto do nome con que se comercializa o produto.
Doces que conteñan ácido glicirrónico ou o seu sal amónico por adición da substancia ou substancias en si, ou da planta de regalicia «Glicirrhiza glabra», cunha concentración superior ou igual a 4 g/kg.	Engadirase a mensaxe seguinte despois da lista de ingredientes: «contén regalicia: as persoas que padezan hipertensión deberían evitar un consumo excesivo». Na falta dunha lista de ingredientes, a mención obrigatoria situarase preto do nome con que se comercializa o produto.
Bebidas que conteñan ácido glicirrónico ou o seu sal amónico por adición da substancia ou substancias en si ou da planta da regalicia «Glicirrhiza glabra», con concentracións superiores ou iguais a 50 mg/l, ou superiores ou iguais a 300 mg/l no caso das bebidas que conteñan máis do 1,2% en volume de alcohol. ⁽¹⁾	Engadirase a mensaxe seguinte despois da lista de ingredientes: «contén regalicia: as persoas que padezan hipertensión deberán evitar un consumo excesivo». Na falta dunha lista de ingredientes, a mención obrigatoria situarase preto do nome co que se comercializa o produto.

(1). O nivel máximo aplicarase aos produtos tal como se presentan listos para o seu consumo ou reconstituídos de acordo coas instrucións dos fabricantes.»

Disposición transitoria única. *Prórroga de comercialización.*

Até o 20 de maio de 2006 poderanse comercializar os produtos alimenticios que cumpran as disposicións anteriores pero non se axusten ao disposto neste real decreto.

Non obstante, os produtos etiquetados antes do 20 de maio de 2006 e que non se axusten ao disposto neste real decreto poderanse comercializar até que se esgoten as súas existencias.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a e 16.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencias exclusivas en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e de bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente, e de conformidade co artigo 40.2 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 22 de xullo de 2005.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

13113 *REAL DECRETO 944 /2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre. («BOE» 181, do 30-7-2005.)*

O Consello de Ministros, na súa reunión do día 30 de decembro de 2004, anunciou un plan de impulso da televisión dixital terrestre (TDT), nunha clara aposta por superar a indefinición do sector audiovisual español e, en especial, por saír da situación de paralización que caracteriza desde hai tempo a prestación destes servizos. O mencionado plan incluía, entre outras medidas, a modificación do Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre.

Este real decreto, polo que se aproba o Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre, vén dar cumprimento a este compromiso do Goberno de impulsar a implantación da TDT. En realidade, o real decreto, considerando o número e a fondura das modificacións que se introducen e dos importantes cambios que se produciron no sector da televisión en xeral e da televisión dixital terrestre en particular, non modifica simplemente o réxime xurídico anterior, senón que derroga totalmente a norma que o regula, isto é, o Real decreto 2169/1998, do 9 de outubro, polo que se aproba o Plan técnico nacional da televisión dixital terreal.

Pola súa vez, o real decreto non se limita a aprobar o Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre, senón que contén, así mesmo, un conxunto de importantes medidas que se detallan ao longo das súas disposicións

adicionais, transitorias e derradeiras. En primeiro lugar, adiántase o cesamento das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica ao 3 de abril de 2010, de forma que, a partir desa data, toda televisión terrestre que se preste será con tecnoloxía dixital.

E en segundo lugar, establécese un esquema de cambio da televisión analóxica á televisión dixital terrestre, que se traduce nun escenario de transición da tecnoloxía analóxica á tecnoloxía dixital e nun escenario após o cesamento das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica.

No escenario de transición da televisión analóxica á televisión dixital terrestre, lévase a cabo a asignación de maior capacidade de transmisión na prestación de servizos de TDT para que, garantindo unha maior oferta televisiva, se difunda unha programación nova, innovadora e diferenciada. Con isto, darase un impulso decisivo ao desenvolvemento e implantación da televisión dixital terrestre no noso país.

Pola súa parte, no escenario após o cesamento das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica, no momento da cal existirá unha maior dispoñibilidade de uso do dominio público radioeléctrico e, por tanto, dun maior número de múltiples dixitais dispoñibles, prevese, así mesmo, a asignación de capacidade adicional de transmisión na prestación de servizos de televisión dixital terrestre.

Con estas medidas establécense os mecanismos imprescindibles e necesarios que van posibilitar unha adecuada transición da televisión analóxica á televisión dixital terrestre, aproveitando as melloras técnicas que pola súa propia natureza ten a televisión dixital terrestre en termos de maior calidade, interactividade, desenvolvemento de novos servizos e uso máis eficiente do dominio público radioeléctrico. Tamén se posibilita incrementar a oferta televisiva e o pluralismo, reforzando a liberdade de escolla dos cidadáns no seu acceso aos servizos de televisión, e se consolida un mercado de televisión máis plural e competitivo.

Así mesmo, modifícase o Plan técnico nacional da televisión dixital local, aprobado polo Real decreto 439/2004, do 12 de marzo, e modificado polo Real decreto 2268/2004, do 3 de decembro, para dar cumprimento ao previsto no artigo 3.2 da Lei 41/1995, do 22 de decembro, de televisión local por ondas terrestres, na redacción dada a ese texto na Lei 10/2005, do 14 de xuño, de medidas urxentes para o impulso da televisión dixital terrestre, de liberalización da televisión por cable e de fomento do pluralismo, reservando canles múltiples adicionais para as organizacións territoriais insulares das comunidades autónomas de Canarias e Illes Balears.

Por último, a aprobación deste real decreto dá cumprimento ao mandado contido no número 2 da disposición derradeira primeira da Lei 10/2005, do 14 de xuño, de medidas urxentes para o impulso da televisión dixital terrestre, de liberalización da televisión por cable e de fomento do pluralismo, no cal se establece que o Goberno adoptará as medidas oportunas para garantir a transición da televisión analóxica á televisión dixital terrestre e adoptará as disposicións necesarias que resulten necesarias para isto.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de xullo de 2005,

D I S P O Ñ O :

Artigo único. *Aprobación do Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre.*

Apróbase o Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre, que se insire a seguir.